

## Os orzamentos de Oroso para 2015 inclúen 1,2 millóns para os investimentos pedidos polos veciños

Os [orzamentos do Concello de Oroso para 2015](#) ascenden a 5,2 millóns de euros, destinan 1.220.238 euros a investimentos reais e contemplan unha redución da débeda de 12 puntos porcentuais. "Un orzamento realista, que contén o gasto, conxela taxas e impostos, e contempla os investimentos que solicitan os veciños e veciñas de Oroso", explica o alcalde Manuel Mirás. O alcalde destaca que isto é posible grazas á boa saúde económica do Concello, froito dunha boa xestión que eliminou gasto superfluo e apostou polo investimento produtivo e social. Boa proba da sustentabilidade económica do Concello de Oroso é que os ingresos correntes superan en 420.000 € aos gastos correntes. "Os gastos representan un 47% e os ingresos un 53%, hai 6 puntos de diferenza que demostran a boa xestión económica que fixo este equipo de Goberno mantendo o investimento social e en obras", conclúe Mirás Franqueira. Así mesmo, contéplase unha redución da débeda de 12 puntos, polo que Oroso pasará do 24% ao 12% ao rematar 2015.

Esta boa saúde económica trasládase á partida de investimentos reais, que ascende a 1,22 millóns de euros, dos que case o 50% serán financiados con cargo aos fondos propios do Concello de Oroso. "A gran maioría dos Concellos destinan o 40 ou o 60% do POS a gasto corrente. En Oroso levamos estes 4 anos investindo o 100% en obras para os nosos veciños", lembra Manuel Mirás, quen salien-



*Mirás comprometeu o abastecemento de auga cos veciños/as de Calvente*



*O Concello ampliará o centro cívico de Oroso para dar cabida a todos os veciños*

ta que "a nosa boa saúde económica permítenos achegar máis de 600.000 euros de fondos propios para os proxectos que nos solicitaron os veciños e veciñas de Oroso. Algo que non poden dicir moitos Concellos".

Así, o Concello de Oroso fará en 2015 importantes obras como as beirarrúas na N-550 de acceso ao novo colexio (60.000 €), a urbanización dos accesos á nova gardería de Sigüeiro (106.000 €), a mellora da rede viaria en Burgao-Piñeiro, Castro-A Costa e A Costa (Trasmonte) e A Pena, Alto de Vilanova-Vilacide de Arriba e en Vilacide de Abaixo (Oroso) cun investimento de 74.000 €, a primeira fase do saneamento no lugar de O Barreiro (30.000 €), o punto de reciclaxe "Oroso verde" (102.000 €) ou o centro cívico da parroquia de Oroso (100.000 €).

Así mesmo, os orzamentos de 2015 recollen tamén pequenas obras solicitadas pola veciñanza orosá nos *Encontros co Alcalde* celebrados ao longo do 2014 como son: o acondicionamento dun espazo público na fonte e lavadoiro do Piñeirón (Gándara), a mellora dos accesos ao Refuxio, a colocación dun valado para xogar ao hóckey no polideportivo, a reforma dos vestiarios do polideportivo ou o abastecemento de auga en Calvente. Por iso, Mirás di que "os orzamentos están comprometidos cos veciños, xa que foron uns orzamentos participativos porque inclúen moitos dos proxectos que nos pediron directamente os veciños".



## Fomento repara os viais de servizo da N-550, tal e como comprometera co alcalde

O Ministerio de Fomento está a arranxar os camiños de servizo vencellados á N-550, cumprindo así co compromiso adquirido por Eduardo Toba, xefe do Servizo de Conservación e Explotación da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, co alcalde Manuel Mirás na súa última reunión de principios de decembro. Mirás agradece que Toba cumprira a súa palabra pois "estes camiños estaban intransitables, cheos de fochancas e mesmo sen ningún tipo de firme, cando son esenciais para pequenos desprazamentos sen ter que entrar na Nacional". Sen embargo, o alcalde lembra que aínda está penden un arranxo en profundidade da N-550, sobre todo no tramo que une Oroso con Santiago e con Ordes, porque "os parcheos que se están a facer son insuficientes. É necesario repoñer todo o firme da estrada entre Ordes e Santiago".



*Tras varias negociacións, o Concello conseguiu que Fomento repare os camiños de servizo*



## Queres acompañar aos Reis Magos na Cabalgata deste ano?

Como todos os anos, na tarde do luns 5 de xaneiro Melchor, Gaspar e Baltasar visitarán Oroso para estar cos nosos nenos e nenas, regalarlles moitas lambonadas e escoitar algunha petición "de última hora". A cabalgata seguirá o mesmo camiño que anos anteriores, con saída ás 17:30 horas da Estación de Vilacide e percorrido polas rúas de Sigüeiro (Portiño, Insúa, praza Alexandre Bóveda, do Medio, Portiño, avenida Compostela, praza da Foca, avda da Garabanxa, Cultura, Río Lengüelle, avda de Compostela e Xuncal) ata a Casa do Concello, onde serán recibidos ás 18:15 horas. Despois partirán ao polideportivo, onde dende as 19:00 horas haberá unha festa con caramelos e inchaables para todos e todas.

Se algún neno/a quere acompañar aos Reis na cabalgata ou algún rapaz quere colaborar como Paxe Real, pode anotarse no centro cultural (981 690 903).



## Convocados os Obradoiros Culturais 2015

O Concello de Oroso convoca unha nova edición dos seus Obradoiros Culturais, pequenos talleres creativos de curta duración que este ano inclúen as seguintes especialidades:

- **fofuchas:** martes 3, 10 e 24 de febreiro; e 3 de marzo. De 19:00 a 21:00 horas.
- **xabóns e candeas artesanais:** xoves 5, 12, 19 e 26 de febreiro, de 18:30 a 20:30 horas.
- **tocados artesanais:** sábados 7, 14, 21 e 28 de febreiro, de 10:30 a 12:30 horas.
- **paquetería e bolsa de agasallos:** luns 2, 9, 16 e 23 de febreiro, de 17:00 a 19:00 horas.
- **bisutería:** mércores 4, 11, 18 e 25 de febreiro, de 17:00 a 19:00 horas.
- **scrapbooking:** luns 2, 9, 16 e 23 de febreiro, de 19:00 a 21:00 horas.

O prazo de inscrición estará aberto no centro cultural de Sigüeiro do 14 ao 28 de xaneiro.



## Rematadas en tempo as obras de mellora na rúa do Tambre e no Cruceiro

Os compromisos están para cumprilos, sobre todo nunhas datas tan especiais como as do pasado Nadal. E así o fixo o concelleiro de Obras, Eduardo Veiras, coas obras de reurbanización da rúa do Tambre e de preinstalación de alumeadado público e de zonas peonís na estrada que une os núcleos rurais de Vilalbarro e O Cruceiro coa estrada N-550 (na parroquia de Oroso), que estiveron rematadas antes do Nadal para evitarlles molestias aos veciños e veciñas da zona. En ambos casos, as melloras acadadas son máis que evidentes xa que se incrementou a seguridade viaria e se eliminaron barreiras arquitectónicas, especialmente na rúa do Tambre.



*A reurbanización da rúa do Tambre estivo acabada antes do Nadal, tal e como comprometera o concelleiro de Obras*



## Mirás espera que os veciños poidan estrear o enlace sur da AP-9 antes da fin de 2015

O alcalde Manuel Mirás está "dobremente satisfeito pola adxudicación das obras do acceso sur da AP-9 xa que contan cun prazo de execución moi breve e porque foron adxudicadas a empresas de Sigüeiro e de Santiago, como son o Grupo Puentes e Francisco Gómez". Un proxecto que permitirá construír o agardado enlace sur da AP-9 en Sigüeiro, de xeito que os vehículos procedentes de Santiago pola autoestrada terán unha saída en Sigüeiro, dende onde tamén se poderán incorporar vehículos cara o sur de Galicia.



O Concello vén de rematar un investimento de 48.798 en estradas

O alcalde orosán comenta que "nós non temos acceso ao contrato de adxudicación pero o que si sabemos é que o prazo de execución das obras do enlace sur ao seu paso por Sigüeiro é curto, polo que se estas empresas comezan de inmediato as obras e se todo se desenvolve con normalidade penso que incluso a finais de 2015 os veciños poderían estrear esta nova infraestrutura". Mirás Franqueira considera que con esta obra, "non só mellorará a mobilidade dos nosos veciños e veciñas, senón que os nosos polígonos industriais converteranse na zona empresarial-industrial coas mellores comunicacións de toda Galicia". E é que as empresas emprazadas no polígono industrial de Sigüeiro estarán situadas a carón da AP-9 e da N-550, a menos de 5 minutos do aeroporto de Lavacolla e perfectamente comunicadas tanto coas principais vías de Galicia como cos seus principais portos.

### Modificación PXOM

Para axilizar a realización das obras, o pleno municipal aprobou hai uns días a modificación puntual nº 5 do PXOM cos votos a favor de PSOE e BNG e cos votos en contra do PP e o Partido Galeguista. "O motivo desta modificación puntual vén dada polo acordo ao que se chegou hai anos co Ministerio de Fomento para facer o enlace Sur da AP 9, xa que este enlace varía as liñas de edificación colindantes (*polígono industrial e outras edificacións da zona*) e así aproveitamos para mellorar a clasificación do suelo no alto de Vilanova, xa que aos propietarios de casas e terreos aféctalles o enlace por mor das expropiacións", explica Mirás. O alcalde sinala que "o que fixemos foi cambiar a clasificación do suelo afectado, cambiando de suelo urbano non delimitado por suelo de núcleo rural, porque a lei nolo permite e porque é moito mais favorable para os veciños do Alto de Vilanova e para os propietarios dos terreos da zona. Cando fixemos o PXOM no ano 2005 non o puidemos incluír. Agora facémolo porque a lei o permite e queremos de dar todas as facilidades que nos permite a lei aos propietarios e veciños que viven alí".

Fronte ás críticas verquidas polo PP e PG nalgún medio de comunicación, Mirás explica que a modificación se fixo "sempre dende a máxima legalidade. de non ser así non a fariamos". Proba disto é que conta co informe favorable da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, así como os informes sectorais favorables da Dirección Xeral de Medio Ambiente, da Dirección Xeral de Urbanismo, da Dirección Xeral de Estradas (Ministerio de Fomento), de AENA e de Aviación Civil (pola afección da senda aérea do aeroporto de Lavacolla). "Se temos todos os informes técnicos a favor, que Partido Popular e Partido Galeguista voten en contra só ten unha explicación: non queren que se faga o enlace sur da AP-9 ou queren atrasar o máis posible as obras por motivos puramente electorais. Por iso son quen de votar en contra dunha obra que facilitará os desprazamentos dos nosos veciños, reducirá os atascos e atraerá novas empresas aos nosos polígonos industriais, coa creación de emprego que isto supón".

### Axenda: Xaneiro

5

Cabalgata e Festa de Reis, dende as 17:30 horas.

9

Concerto de Aninovo da Aula de Música, 19:00 h

10

Contacontos. Na biblioteca, ás 11.00 h.

14

Ábrese o prazo para anotarse nos Obradoiros Culturais. **Ata o 28-1-2015**

17

Contacontos. Na biblioteca, ás 11.00 h.

23

Club de lectura. Na biblioteca, ás 18:00 h.

24

Contacontos. Na biblioteca, ás 11.00 h.

30

Rebotica dos Contos. Na biblioteca, ás 18:00 h.

31

Contacontos. Ás 11 h. Baile para maiores. No centro cultural. Ás 19:00 h.





## Grazas a todos e todas por un Nadal máxico



As parroquias de Calvente e Oroso protagonizaron os Encontros co Alcalde do mes de decembro, nos que os veciños puideron achegarlle ao alcalde as súas propostas e peticións.



O Concello de Oroso adiantou este ano o acendido do alumeado de Nadal, como medida de apoio ao comercio local. E de cara aos Reis lembra que tes o mellor a carón da casa.



Uns 30 maiores participaron nunha xornada sobre como detectar e tratar a demencia. Péchase así a tempada 2014 dos "Martes saudables", que reuniron a máis de 200 maiores.